


## LINGUA GALEGA

### 4º DE ED. PRIMARIA


**SESIÓN: MARTES 5 DE MAIO, 2020.**

#### **Bos días nenos e nenas:**

Para comezar.... Dálle dúas veces no ícono.. A ver que pasa...



Espero que vos gustara!. Déixovos, a continuación, o texto da lectura:



### **Rula, nosa rula!**

Custaríanos imaxinar a vida sen Rula. Rula era a cadelíña loura que chegou ás nosas vidas inesperadamente, como caída do ceo. Vaia, caída do ceo non, apeada dun coche, en plena estrada, unha tarde de primeiros de agosto do ano pasado.

Iamos cara á praia mamá, papá, meu irmán Lino e mais eu, que me chamo Faia. Na recta coñecida como a Legua Infinita, porque é moi longa, puidemos ver que un coche, apenas detido, abría a porta e deixaba algo na estrada antes de arrincar de novo a toda velocidade. Nós, que circulabamos detrás, tardamos uns segundos en nos decatar de que se trataba dun ser vivo, un canciño que primeiro dubidaba e despois empezaba a camiñar perigosamente pola calzada.

–Desalmados! –dixo meu pai ao mesmo tempo que detiña o auto, ben arrimado á beiravía, e baixaba para librar o animal dunha morte case segura.

Pretendiamos baixar tamén nós, mais impedíunolo cunha chamada á prudencia:

–A ver se por salvar o animaliño vos atropelan a vós.

Non tardou en regresar con Rula nos brazos. Viase limpa e coidada. Naquel momento non sabíamos que era cadela e, menos áinda, que nome lle íamos poñer, mais tardamos pouco en sabelo.

#### **DIFICULTADES DE LECTURA**

- ▶ Ao ler un texto en voz alta, convén diferenciar e separar unhas palabras doutras. Para facelo, pode resultar útil marcar ben na pronuncia a sílaba tónica de cada unha.
- ▶ Practica esta técnica lendo en voz alta os primeiros parágrafos do texto e poñendo énfase nas sílabas tónicas.



—Miña rula, é unha cadelíña —dixo papá— e treme coma unha vara verde. Hai que ser mala xente para abandonar así un ser indefenso.

—Non teñen sentimientos! —acrescentou miña nai.

—Quedaremos con ela? —preguntou Lino. E, sen agardar resposta, proseguíu—. Como lle chamaches rula, xa queda bautizada!

Meu irmán quería dalo por feito, pero ben sabía o remisos que eran os nosos pais a ter mascotas. Dicían que eran unha molestia para viaxar, que en moitos hoteis e restaurantes non admitían animais.

—Levarémola á protectora, ben sabedes o que pensamos —asegurou mamá, non querendo crearnos falsas esperanzas.

Meu irmán gardou silencio e eu aínda non o rompera porque, precisamente, estaba meditando no que debería dicir para conseguir o noso propósito. Por fin, falei:

—Podemos tela con nós ata que volvamos da praia. Total un mes... non creo que sexa tanto problema. Son moitos quilómetros os que levamos xa, como para dar a volta.

Non dixeron que non, así que entendín que estaban de acordo. Papá, xa de novo en marcha, comentou:

—Antes de facerse cargo dunha mascota, hai que saber moi ben o traballo que dá e pensalo dúas veces.

Rula, como se entendese, subiu ao colo de mamá e, igualiño ca un nobelo de seda brillante, alí se aniñou. Ela, de cando en vez, pasáballe a man acariñándoa. Estou certa de que, cando chegamos ao noso destino, xa se conquistarán mutuamente.

Non fai falta que explique que, pasado o verán, ninguén tiña corazón para deixala no lugar ao que levan os animais abandonados.

Rula xa non era tal. Tíñanos a nós e nós tiñámola a ela.

**loura:** de cor castaña clara tirando ao ouro; dourada.

**atropelan:** alcanzan cun vehículo a alguén e danlle un golpe.

**remisos:** que se resisten a facer algo.

## DESTREZAS DE ESCRITURA

- ▶ Inventa e escribe unha oración verdadeira e unha falsa sobre a lectura. Despois, pídelle a un compañeiro que identifique a falsa e que a corrixa.



MARICA CAMPO

## **COMPETENCIA LECTORA**

**1. Contesta as seguintes preguntas sobre a lectura:**

a) Cal é o protagonista?

---

b) Quen conta a historia?

---

c) Que atopan cando ían cara á praia?

---

d) Por que estaba alí?

---

e) Como estaba?

---

f) Que pensan os pais sobre ter unha mascota?

---

g) Cres que teñen razón?

---

h) Que ocorreu con Rula ao final?

---

**2. Escribe un pequeno texto, no que expreses a túa opinión sobre esta historia e sobre o abandono de animais de compañía.**

---

---

---

---

---


---

## DIVERSACTIVIDADES

A continuación, propónovos as seguintes actividades. Lembra, que soamente tes que copiar as respostas, non tes que copiar os enunciados. Para iso, tes que escribir a data de hoxe e sinalar o número de actividade, para así facilitar logo as correspondentes solucións.

**1. Cal é a solución da adiviña?**

Unha fácil adiviña sei  
para quen ben a entenda.  
Que copa redonda é  
que boca abajo está chea  
e boca arriba, baleira?



Solución: \_\_\_\_\_

**2. Completa coa palabra aguda que atopes en cada columna:**

precaución  
coidado

autobús  
coche

carril  
carreiro

Circule con \_\_\_\_\_ ! Hai un \_\_\_\_\_ avariado neste  
\_\_\_\_\_.

- 3. Explica por que se acentúan ou non as palabras agudas anteriores.**

---

---

---

**Por hoxe rematamos, continuaremos con máis “DIVERSACTIVIDADES” na sesión do venres.**

**Ata o venres!**

**Biquiños.**